

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 14:18:14

SAIDA 3149/20



Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº RSCTG 7/2020

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 7 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 07/01/2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante Concello de Samos, referente ás copias das actas de sesión do Pleno Municipal da Xunta de Goberno e de decretos e resolución da alcaldía do ano 2019.

O reclamante indicaba que transcorrido o prazo dun mes, o concello non lle proporcionou a información solicitada nin realizou notificación algunha ao solicitante, polo que entende que a súa solicitude desestimouse por silencio administrativo.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 10 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Samos para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de xaneiro de 2020.

**Terceiro.** Con data 28 de xaneiro de 2020 Concello de Samos contesta a petición informando que relacionado con esta mesma solicitude existe un expediente previo (RSCTG 131/2019), no que a Comisión da Transparencia instou ao Concello de Samos a que respondese á petición de información solicitada, e na actualidade esta documentación está en proceso de disociación dos datos de carácter persoal para o seu posterior envío ao solicitante.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o

seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

A información que solicita o interesado ao Concello de Samos é a mesma información que solicitou con data do 7 de agosto de 2019, que non foi contestada polo Concello e contra a que o interesado presentou recurso ante a Comisión da Transparencia de Galicia que se resolveu, estimando a reclamación e instando ao Concello a remitir a documentación solicitada.

Esta por tanto xa recoñecido por esta Comisión o dereito do interesado ao acceso á información, se ben polo Concello non se lle remitiu dado que está en proceso de disociación dos datos de carácter persoal para o seu posterior envío ao solicitante, retrasándose este envío debido á escaso persoal co que conta o Concello.

De acordo co anterior, procede a inadmisión da reclamación presentada, ao ter xa resolta esta Comisión unha reclamación presentada polo mesmo interesado e de contido idéntico, de acordo co disposto no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## **ACORDA**

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 7 de xaneiro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante Concello de Samos, referente ás copias das actas de sesión do Pleno Municipal da Xunta de Goberno e de decretos e resolución da alcaldía do ano 2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F      Firmado digitalmente  
                         por 76706870F MARIA  
MARIA DOLORES      DOLORES FERNANDEZ  
FERNANDEZ (R:      (R: S6500009C)  
S6500009C)      Fecha: 2020.03.06  
                         09:32:35 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**